

CORRECCIÓNS DAS ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: semana do 18-22 maio

MATERIA: Xeografía e Historia

CURSO: 2º ESO

PROFESOR/A: Celia Bugarín

CONTACTO: CELIABUGARIN@edu.xunta.es

MÉTODO DE CORRECCIÓN: enviando as actividades ao meu correo.

ACTIVIDADES

Lembrete que son actividades voluntarias para subir nota. A data última de entrega é o 24 de maio.

1º) Repasamos o **TEMA I**.

Facer os exercicios do libro da **páxina 23**:

3. O reino suevo.

Inicios: xunto cos vándalos e alanos, atravesaron a fronteira do imperio romano no ano 406.

Asentados no convento bracarense, fixeron de Bracara Augusta o centro do reino.

A ocupación do territorio foi rápida e pacífica.

Expansión: Levaron a cabo unha grande actividade bélica, ampliando os seus dominios (Galaecia, Lusitania. Tentaron conquistar a Tarraconense, pero non o lograron.

Desaparición: dende mediados do século VI, os enfrontamentos cos visigodos aumentaron. No 585, o rei visigodo Leovixildo, incorporou o territorio suevo ao reino visigodo.

4. Analiza e comenta os documentos (“A monarquía visigoda” e “IV Concilio de Toledo”)

- Que réxime político estableceron os visigodos?

Unha monarquía

- Quen e como elixían os reis?

A nobreza e os bispos, de común acordo, elixían ao rei.

- Como se castiga a quen pretenda destronar a un rei?

Expulsándoo da igrexa católica.

- De onde procede o poder e a autoridade dos reis?

De Deus.

- Que obrigas teñen en relación coa relixión católica?

Predicar a fe en Cristo e as súas leis, conservar os seus bos costumes.